

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

17082 *Real decreto 1590/2009, do 16 de outubro, polo que se modifica o Real decreto 1614/2008, do 3 de outubro, relativo aos requisitos zosanitarios dos animais e dos produtos da acuicultura, así como á prevención e ao control de determinadas enfermidades dos animais acuáticos.*

A Xunta de Galicia aprobou o 4 de decembro de 2008 un requirimento de incompetencia formulado en relación con diversos preceptos do Real decreto 1614/2008, do 3 de outubro, relativo aos requisitos zosanitarios dos animais e dos produtos da acuicultura, así como á prevención e ao control de determinadas enfermidades dos animais acuáticos, por entender vulneradas as competencias que lle outorgan os artigos 33.1 e 27.15 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia.

Mediante Acordo do Consello de Ministros do 9 de xaneiro de 2009 deuse contestación ao dito requirimento, acordando modificar algúns dos preceptos, polo que procede, en cumprimento do dito acordo, a modificación parcial do Real decreto 1614/2008, do 3 de outubro.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos intereses dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño e da ministra de Sanidade e Política Social, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de outubro de 2009,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1614/2008, do 3 de outubro, relativo aos requisitos zosanitarios dos animais e dos produtos da acuicultura, así como á prevención e ao control de determinadas enfermidades dos animais acuáticos.*

O Real decreto 1614/2008, do 3 de outubro, relativo aos requisitos zosanitarios dos animais e dos produtos da acuicultura, así como á prevención e ao control de determinadas enfermidades dos animais acuáticos, queda modificado como segue:

Un. O primeiro parágrafo do artigo 10.1 queda redactado como segue:

«1. As autoridades competentes velarán por que se aplique un sistema de vixilancia zosanitaria baseado no risco en todas as explotacións e zonas de cría de moluscos, segundo conveña para o tipo de produción.»

Dous. O último parágrafo do artigo 15.4 queda redactado como segue:

«A autoridade competente, logo de informe do Comité Nacional do Sistema de Alerta Sanitaria Veterinaria, poderá exixir que os animais da acuicultura procedan dunha zona ou compartimento declarados libres de enfermidades de conformidade cos artigos 46 ou 47, ou aplicar este punto aos programas establecidos e aplicados de conformidade co disposto no artigo 40.»

Tres. O artigo 31.1 queda redactado como segue:

«1. Os animais da acuicultura que alcanzasen o tamaño comercial e que non presenten signo clínico ningún de enfermidade poderán recollese baixo a supervisión da autoridade competente, para o seu destino ao consumo humano ou para a súa transformación complementaria.»

Catro. O artigo 41.3 queda redactado como segue:

«3. Sen prexuízo das medidas de confinamento previstas no artigo 37, as autoridades competentes poderán establecer un programa de erradicación para unha ou varias enfermidades non exóticas enumeradas no anexo IV, respecto das cales se coñeza que España foi infectada (categoría V da parte A do anexo III).

No caso de que o programa deba ter ámbito supraautonómico pola extensión da enfermidade, será establecido polo Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, logo do estudo polo Comité Nacional do Sistema de Alerta Sanitaria Veterinaria.

En calquera caso, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño presentará eses programas para a súa aprobación pola Comisión Europea, que poderá modificalos ou concluílos.»

Cinco. O artigo 43.1 queda redactado como segue:

«1. Os programas seguirán aplicándose ata que os requisitos establecidos no anexo V se cumpran, e a totalidade de España, da comunidade autónoma, da zona ou do compartimento a que se estende o programa, sexa declarado libre da enfermidade, ou o programa sexa retirado, especialmente se xa non cumpre o seu obxectivo, pola autoridade competente que o aprobou.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 16 de outubro de 2009.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ